

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE SETEMBRO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:15 horas do día 21 de setembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 19 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. David Regades Fernández

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D. Alberto Escariz Couso  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 6a, 8c, 9c, 10b, 11a e 15a)  
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 6a, 8c, 9c, 10b, 11a e 15a)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 7a, 8b, 9b, 10a e 15b)  
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 8a e 9a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **1.- Aprobación de actas**

#### **a) Acta da sesión do 7 de setembro de 2017**

Apróbese a acta do 7 de setembro de 2017 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D. Alberto Escariz Couso e D. José Riesgo Boluda.

#### **b) Acta da sesión do 14 de setembro de 2017**

Apróbese a acta do 14 de setembro de 2017 cos votos de D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, D. Alberto Escariz Couso e D. José Riesgo Boluda.

#### **c) Acta da sesión do 18 de setembro de 2017**

Apróbese a acta do 18 de setembro de 2017 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D. Alberto Escariz Couso e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

### **6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:55	Páxina 1 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34A-C93B42-54ECC9-ZA7N3D-85Z36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentaria e o xefe da Área de Investimentos o 18 de setembro de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
2. S.A. DE OBRAS E SERVICIOS, COPASA

**7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados****a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)**

En cumprimento do acordo da Xunta de Goberno local do 13 de setembro de 2017, polo que se deixou sen efecto o acordo do 7 de setembro de exclusión de licitadores e de clasificación en orde descendente e se acordou a retroacción do expediente ao momento de valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados, a secretaria lembra aos membros da Mesa que o 7 de agosto de 2017 se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
2. EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L.
3. INTEGRA MXSI CEE, S.L.
4. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL)

Durante o prazo concedido, presentaron documentación os seguintes licitadores:

1. EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L.
2. INTEGRA MXSI CEE, S.L.

Non presentaron documentación en prazo:

1. EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
2. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL)

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

Nas datas 29 de agosto e 18 de setembro de 2017 a xefa do Servizo de Educación emitiu un informe por cada unha das dúas xustificacións presentadas, concluíndo en ambos os dous casos que *"non se pode chegar á convicción da viabilidade e seriedade da oferta presentada"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:55	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34A-C93B42-54ECC9-ZA7N3D-85Z36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO

valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
2. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL)

## 8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 19 de setembro de 2017 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"*.

O informe recolle a seguinte observación: *"A empresa La Fiesta Escénica na súa proposta técnica (sobre B) aporta desglose económico das actuacións a levar a cabo, do cal pode deducirse o importe económico da súa oferta"*.

A Mesa fai constar que o citado desglose económico inclúe cifras e prezos concretos que permiten deducir o importe da oferta do licitador, correspondéndose coa documentación esixida no Sobre C (apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares) e, constituíndo un motivo de exclusión segundo o previsto na cláusula 13.5B do prego (*"documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC"*).

### b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Téndose tratado primeiro o punto 15b, á vista do escrito presentado por SERVICIOS SECURITAS, S.A., déixase pendente de estudo este asunto.

### c) Procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais e o xefe da Área de Investimentos o 19 de setembro de 2017 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación.

## 9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 19 de setembro de 2017 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"* e acorda excluír deste procedemento a La Fiesta Escénica por incorporar ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:55	Páxina 3 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34A-C93B42-54ECC9-ZA7N3D-85Z36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

sobre B “documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC” (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares).

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)**

Non se trata polo motivo exposto no punto 8b.

**c) Procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais e o xefe da Área de Investimentos o 19 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

**10.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)**

Non se trata polo motivo exposto no punto 8b.

**b) Procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
SCHINDLER, S.A.	97,00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SCHINDLER, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que o apartado 6F do Anexo I



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:55	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34A-C93B42-54ECC9-ZA7N3D-85Z36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO

-FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares esixe unha determinada habilitación profesional para a execución do contrato.

4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.034,58 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

## 11.- Propostas de adxudicación

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250)**

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250) na seguinte orde descendente:*

<b>Lote nº1 330.578,51 €</b>		
	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	97,50
2	MATERIALES CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	88,18
3	GONDOMAR, S.L.	85,00

<b>Lote nº2 132.231,83 €</b>		
	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	88,18
2	MATERIALES CONSTRUCCION FERNANDO ALONSO, S.L.	85,00



<b>Lote nº3</b>		<b>371.900,83 €</b>
<b>Licitadores</b>		<b>Puntuación</b>
1	GARCI VENTA, S.L.	100,00
2	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	98,93
3	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	92,15
4	MATERIALES CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	79,65

<b>Lote nº4</b>		<b>82.644,63 €</b>
<b>Licitadores</b>		<b>Puntuación</b>
1	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	100,00
2	GARCI VENTA, S.L.	96,51
3	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	74,92
4	MATERIALES CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	59,24

*Segundo.-* Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lote 3) e SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lote 4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

*Terceiro.-* Requirit aos citados licitadores o aboamento de 1.811,52 euros (452,88 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lote 3) e SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lote 4), o día 30 de agosto de 2017, que presentan a documentación requirida o 13, 11 e 8 de setembro de 2017, respectivamente, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de setembro de 2017 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade dos membros presentes, conceder un prazo de tres días hábiles a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. e GARCI VENTA, S.L. para que emendasen a documentación presentada. Esta documentación foi presentada o 20 e 19 de setembro de 2017, respectivamente, e revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2017. Resultando correcta a documentación, a Mesa acordou por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:55	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34A-C93B42-54ECC9-ZA7N3D-85Z36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lote 3) e SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lote 4), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lote 3) e SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lote 4), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de data 23 de agosto de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- *“Adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250) coas seguintes condicións:*

*- Lote 1*

- a) O prezo total do lote é de 400.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 69.421,49 euros.*
- b) Propón unha baixa proporcional única do 16% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT.*
- c) Propón unha baixa proporcional única do 10% a aplicar aos produtos ou materiais non previstos nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT.*

*- Lote 2*

- a) O prezo total do lote é de 160.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.768,60 euros.*
- b) Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar a cada un dos prezos*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:55	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34A-C93B42-54ECC9-ZA7N3D-85Z36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

unitarios relacionados no PPT.

- c) *Propón unha baixa proporcional única do 10% a aplicar aos produtos ou materiais non previstos nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT.*
- *Adxudicar a GARCI VENTA, S.L. o lote 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250) coas seguintes condicións:*
- a) *O prezo total do lote é de 450.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 78.099,17 euros.*
- b) *Propón unha baixa proporcional única do 21% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT.*
- c) *Propón unha baixa proporcional única do 21% a aplicar aos produtos ou materiais non previstos nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT.*
- *Adxudicar a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250) coas seguintes condicións:*
- a) *O prezo total do lote é de 100.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.355,37 euros.*
- b) *Propón unha baixa proporcional única do 28% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT.*
- c) *Propón unha baixa proporcional única do 30% a aplicar aos produtos ou materiais non previstos nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas.*

- *Iniciar os trámites pertinentes para devolver a GARCI VENTA, S.L. o importe de 14.690,08 euros, depositado en concepto de garantía definitiva”.*

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTE 1)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:55	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34A-C93B42-54ECC9-ZA7N3D-85Z36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTE 1)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 4 de setembro de 2017 polo que non se admite neste procedemento ao licitador DESMACO, S.L., por ter presentado a súa proposición fóra de prazo (artigo 80 Real decreto 1098/2011, do 12 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no LOTE 1 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Centro” deste procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) na seguinte orde descendente:*

	Licitadores	% Baixa	Prezo ofertado
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	41,11	179.170,67 €
2	FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.	40,87	179.900,86 €
3	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	40,72	180.357,23 €
4	HORDESCON, S.L.	40,39	181.361,25 €
5	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	39,61	183.734,36 €
6	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	37,65	189.697,51 €
7	ELSAMEX, S.A.	37,14	191.249,25 €
8	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	35,58	195.995,50 €
9	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	33,70	201.715,32 €
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	32,01	206.857,09 €
11	MISTURAS, S.A.	30,31	212.028,30 €
12	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	30,10	212.668,20 €
13	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	30,00	212.972,44 €
14	NAROM, S.L.	27,41	220.852,42 €
15	OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	26,61	223.286,39 €
16	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	25,51	226.633,10 €

**Terceiro.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*



2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 429,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., o día 14 de setembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 19 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula asinado nas datas 4 e 5 de setembro de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:55	Páxina 10 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34A-C93B42-54ECC9-ZA7N3D-85Z36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., o lote nº 1 -Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Centro- do procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) por un prezo total de 179.170,67 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.095,74 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## 15.- Incidencias

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440).**

- **Escrito presentado por CARTOGALICIA, S.L. no que solicitan a repetición do procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440), “que non requiran especificacións tan estritas, as cales só poida cumprir unha marca”**

Entrégase aos membros da Mesa o referido escrito.

- **Informe de data 19 de setembro de 2017 de resposta aos escritos de desconformidade co prego de prescricións técnicas particulares**

Entrégase aos membros da Mesa o informe asinado o 19 de setembro de 2017 polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais que deseguido se reproduce:

***“A vista da documentación presentada nos escritos das mercantís TOPCON POSITIONING SPAIN, S.L.U., LÓGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, S.L. e CARTO. TOPOGRAFIA, debemos de indicar que o PPTP no apartado 2 “CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS” indica:***

***“Os equipos a entregar serán novos a estrear, e terán que cumprir coas especificacións, composición e características establecidas como mínimas no presente prego. Se algunha das características establecidas nas especificacións técnicas determinase cunha marca ou modelo exclusivo, estas serán tomadas unicamente como guía ou orientación, sen que o feito de non axustarse exactamente sexa causa de exclusión.***



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:55	Páxina 11 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34A-C93B42-54ECC9-ZA7N3D-85Z36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Os licitantes achegarán a documentación descritiva das características do equipo ofertado ao obxecto de permitir unha adecuada valoración das diferentes ofertas presentadas. A falta de información acerca das características técnicas do equipo que impida contrastar a súa adecuación aos requirimentos técnicos descritos no presente prego será obxecto de exclusión.*

*As empresas ofertantes incluírán na súa documentación unha descrición dos protocolos a realizar para as probas de aceptación do equipo, ademais dun “Programa de formación de persoal”, que levará a termo en data posterior á entrega dos equipos.”*

*A vista do indicado neste apartado do PPTP; entendese que atopase perfectamente definido no PPTP, as condicións que deben de cumprir os licitadores na presentación das súas ofertas, e que non será causa de exclusión “o feito de non axustarse exactamente as condicións técnicas definidas” xa que de existir algunha das características establecidas nas especificacións técnicas cunha marca ou modelo exclusivo, estas serán tomadas unicamente como guía ou orientación.*

*Polo exposto procede a emisión deste informe aos efectos oportunos como aclaración solicitada pola mesa de contratación.”*

A Mesa acorda, por unanimidade, aceptar o referido informe e que polo Servizo de Contratación se dea traslado deste a CARTOGALICIA, S.L., TOPCON POSITIONING SPAIN, S.L.U. e LÓGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, S.L. en resposta aos seus escritos.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332). Escrito presentado por D. Fernando Soto Pastor, en representación de SERVICIOS SECURITAS, S.A. no que solicitan a suspensión do procedemento, retroacción das actuacións ao momento de realizar a apertura e valoración da oferta técnica e adjudicación a SERVICIOS SECURITAS, S.A. dos “puntos indebidamente suprimidos por erro ao contabilizar os documentos”.**

Entrégase o anterior escrito, presentado por SERVICIOS SECURITAS, S.A.

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de data 14 de setembro de 2017 polo que se admite o recurso de reposición interposto por D. Sergio Boo Valdés, se deixa sen efecto o acordo do 7 de setembro de exclusión de licitadores e de clasificación de licitadores en orde descendente e se retrotrae o expediente ao momento de valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Respecto da primeira alegación formulada por SERVICIOS SECURITAS, S.A., relativa ao número de follas do Plan de organización e calidade do servizo, presente na sesión a xefa do Servizo de Educación, confirma que entre a documentación presentada no sobre B pola citada empresa consta un certificado de autenticidade da documentación do Sobre B (1 folla), ademais dun índice (1 folla) e o Plan de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:55	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34A-C93B42-54ECC9-ZA7N3D-85Z36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



organización e calidade do servizo (29 follas). Ese certificado foi computado no número de follas (31 follas en total) polo que, ao abeiro do previsto no apartado 8A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se reduciu á metade a puntuación outorgada por este criterio.

Atendendo ao previsto no PCAP:

- cláusula 13, sobre a presentación da documentación en formato dixital: *“Se o soporte non está asinado dixitalmente deberá achegarse unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado”*
- apartado 7A do Anexo I -FEC-: *“Requisitos para a presentación da documentación relativa ao o plan de organización e e calidade do servizo: Se presentará nun único arquivo dixital de como máximo 10 MB, cun máximo de 30 follas por unha cara (se terán en conta todos as follas que o compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais follas incorporadas)”*

o certificado de autenticidade non forma parte do contido do Plan de organización e calidade do servizo, polo que non procede aplicar a redución á metade na puntuación.

Respecto da segunda alegación formulada por SERVICIOS SECURITAS, S.A., relativa á apertura das proposicións avaliábeis mediante fórmula, faise constar que a referida apertura tivo lugar o 3 de agosto de 2017, tal e como se anunciou previamente no perfil do contratante, e en sesión pública, á que asistiron representantes de tres das empresas licitadoras.

O acordo da Mesa adóptase tendo en conta que non se infrinxe a regra esencial do procedemento, relativa á valoración dos criterios subxectivos con anterioridade aos sometidos a fórmula, e que non se veu comprometida a imparcialidade e obxectividade do órgano de contratación, por canto non se realizou unha nova valoración técnica da oferta presentada por SERVICIOS SECURITAS, S.A., senón que unicamente se deixou sen efecto a redución á metade da súa puntuación.

A Mesa acorda, así mesmo, dar traslado deste acordo a SERVICIOS SECURITAS, S.A. e aos demais licitadores deste procedemento.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:55	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34A-C93B42-54ECC9-ZA7N3D-85Z36B-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		